



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

CERTIFICADO

Adrián J. Márquez Caramés, secretario do Concello de Betanzos (A Coruña)

CERTIFICO o acordo que deseguido transcribo:

<<A Xunta de Goberno Local do Concello de Betanzos, na sesión Ordinaria do xoves 13 de febreiro de 2025, aprobou o seguinte ACORDO:

4.- APROBACIÓN DAS BASES MODIFICADAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTUACÍONS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO “CONXUNTO HISTÓRICO DE BETANZOS E A SÚA ZONA DE PROTECCIÓN”, NO CONCELLO DE BETANZOS, EN RELACIÓN Á EXECUCIÓN DOS PROGRAMAS DE AXUDA EN MATERIA DE REHABILITACIÓN RESIDENCIAL DE VIVENDA SOCIAL DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NEXTGENERATIONEU, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Dáse conta dun informe-proposta que indica o seguinte:

“ASUNTO: PLAN DE BARRIOS: ENTORNO RESIDENCIAL DE REHABILITACIÓN PROGRAMADA DO CONXUNTO HISTÓRICO DE BETANZOS E A SÚA ZONA DE PROTECCIÓN NO CONCELLO DE BETANZOS, EN RELACIÓN COA EXECUCIÓN DOS PROGRAMAS DE AXUDA EN MATERIA DE REHABILITACIÓN RESIDENCIAL E VIVENDA SOCIAL DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NEXTGENERATIONEU NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

EXPEDIENTE: 2024/A002/000001

INFORME DE SECRETARÍA

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Concello de Betanzos pretende executar o programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, previsto no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do PRTR publicado no Boletín Oficial do Estado núm. 239, do 6 de outubro (en diante RD 853/2021). Con data do 11.05.2023 o director xeral de Vivenda e Solo do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, o director xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo e máis a alcaldesa do Concello de Betanzos asinaron o Acordo núm. 10 da Comisión Bilateral, relativo ao entorno residencial de rehabilitación programada (ERRP) do “Conxunto histórico de Betanzos e a súa zona de protección”, no concello de Betanzos, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU na Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO. A Comunidade Autónoma de Galicia concedeu a subvencións ao Concello de Betanzos segundo o procedemento establecido no ordinal décimo sétimo da Resolución do 8 de xullo de 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, publicada no DOG núm. 137 do 19 de xullo.

TERCEIRO. A concesión das subvencións recollidas nestas bases tramitarase polo procedemento de concorrência competitiva a través de convocatoria pública, entre as solicitudes presentadas no mesmo mes, ata esgotar o crédito dispoñible previsto para o conxunto do convenio asinado na Comisión bilateral celebrada o 11.05.2023 entre o Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

Urbana, a Xunta de Galicia e o Concello de Betanzos e/o addendas que se poidan subscribir posteriormente dentro dos seus ámbitos de aplicación.

CUARTO. O día 20.09.2024 a alcaldesa do Concello de Betanzos aprobou as bases e a convocatoria do Plan de barrios no ERRP, publicadas no BOP núm. 185 do 25.09.2024. No BOP núm. 186 do 26.09.2024 publicouse o extracto da convocatoria, abríndose o prazo de presentación de solicitudes desde o 27.09.2024 ata o 30.12.2025.

QUINTO. Consta informe técnico de data 26.12.2024 no que se relata a existencia de deficiencias nas bases anteriores.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

- Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeneral de subvencións.
- RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos.
- Regulamento (UE) 2021/241 de Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Real decreto 903/2022, do 25 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono Alugueiro Mocidade e o Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, así como o Real decreto 106/2018, do 9 de marzo polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021, e o Real decreto 853/2021, do 5 de outubro polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executen o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Resolución 1/2022, do 12 de abril, da Secretaría Xeral de Fondos Europeos, pola que se establecen instrucións a fin de clarificar a condición de entidade executora, a designación de órganos responsables de medidas e órganos xestores de proxectos e subproxectos, no marco do sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- A Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia; e o D11/2009 polo que se aproba o regulamento da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Ademais da normativa anterior, e en todo o que non fose descrito nas presentes bases, seranlle de aplicación as seguintes disposicións:

- Real Decreto 903/2022, do 25 de outubro, polo que se modifican o Real Decreto 42/2022, do 18 de xaneiro, polo que se regula o Bono de Alugueiro Novo e o Plan Estatal para o acceso á vivenda 2022-2025, así como o Real Decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, e o Real Decreto 853/2021, do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Resolución do 8 de xullo de 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU e ábrese o prazo de participación para a anualidade 2022 (código de procedemento VI406H).

- A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- A Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público.
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local e a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- A lexislación básica do Estado en materia de réxime local.

Esta normativa será de aplicación de non existir unha disposición posterior que a anule ou a modifique.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva.

Terá a consideración de concorrència competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza a través da comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

As bases reguladoras poderán excepciónar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Excepcionalmente, sempre que así se prevexa nas bases reguladoras, o órgano competente procederá ao rateo, entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións.

SEGUNDA. O procedemento que se debe seguir para aprobar as bases é o seguinte:

A. A iniciación do procedemento iniciarase de oficio, salvo nos casos que polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento de crédito orzamentario.

A iniciación de oficio realizarase sempre mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido neste capítulo e de acordo cos principios da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e terá necesariamente o seguinte contido:

- Indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que está publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.
- Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.

- Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.
- Expresión do réxime en que se efectuará á concesión.
- Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.
- Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento
- Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contidas no apartado 3 deste artigo.
- Prazo de resolución e notificación.
- Documentos e informacións que deben achegarse á petición.
- No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa e, no caso contrario, órgano ante o que se interpoñerá recurso de alzada.
- Criterios de valoración das solicitudes, no seu caso. Avaliarase, en todo caso, o emprego da lingua galega na realización de actividades ou condutas para as que se solicita a axuda.
- Prazo de xustificación da subvención.
- Medio de notificación ou publicación, de conformidade co previsto nos artigos 40 a 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

B. As solicitudes dos interesados acompañarán os documentos e informacións determinados na norma ou convocatoria, salvo que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano da administración actuante, neste caso o solicitante poderase acoller ao establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, facendo constar sempre a data e o órgano ou dependencia en que foron presentados, ou no seu caso, emitidos, e cando non transcorresen cinco anos desde a finalización do procedemento ao que corresponden.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a corrixa no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

C. O órgano competente para levar a cabo a instrución (designarase na convocatoria) realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

As actividades de instrución comprenderán:

a) Petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención. Na petición farase constar, no seu caso, o carácter determinante de aqueles informes que sexan preceptivos. O prazo para a súa emisión será de dez días, salvo que o órgano instrutor, atendendo ás características do informe solicitado ou do propio procedemento, solicite a súa emisión nun prazo menor ou maior, sen que neste último caso poida pasar os dous meses.

b) Cando no prazo sinalado non se emitise o informe cualificado por disposición legal expresa como preceptivo e determinante, ou, no seu caso, vinculante, poderá interromperse o prazo dos trámites sucesivos.

c) Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme cos criterios, formas e prioridades de valoración establecidos na norma reguladora da subvención ou, no seu caso, na convocatoria.

A norma reguladora da subvención poderá contemplar a posibilidade de establecer unha fase de preavaliación, a que verificará o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiario da subvención.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña
Teléfono: 981 770 011
web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

D. Unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano colexiado deberá emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse aos interesados na forma que estableza a convocatoria, e concederá un prazo de dez días para presentar alegacións.

Unha vez avaliadas as solicitudes, o órgano instrutor deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada.

E. Logo de examinar as alegacións aducidas polos interesados, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e criterios de valoración seguidos para efectualas.

F. A proposta de resolución definitiva, notificarase aos interesados que fosen propostos como beneficiarios na fase de instrución unicamente cando dita notificación sexa obrigada segundo o previsto nas bases reguladoras.

Unha vez notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios dispoñerán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

G. Unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, e de acordo co previsto no artigo 88 da Lei Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, no seu caso, na correspondente norma ou convocatoria, o órgano competente resolverá o procedemento.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá pasar os nove meses, salvo que unha norma con rango de Lei estableza un prazo máximo ou así veña previsto na normativa da Unión Europea. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que esta pospoña os seus efectos a unha data posterior.

O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

H. A resolución do procedemento deberase notificar aos interesados dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto fose ditado, e deberá conter o texto íntegro da resolución.

TERCEIRA. Cómpre anular as bases anteriores debido ao indicado no informe técnico que consta no expediente do que resalta o seguinte:

[...] CAMBIOS SUXERIDOS

A fin de resolver as dificultades expresadas, partindo das premisas de mínima alteración para lograr as correccións precisas e dar certeza ás persoas interesadas, así como o mantemento dos prazos xa coñecidos; desde a Oficina de Rehabilitación, en calidade de unidade instrutora destas axudas, recomendo operar sobre as bases aprobadas o día 20.09.2024 os seguintes cambios:

1. Suprimir o punto 5 da base 1 "Obxecto e réxime de concesión das axudas".
2. Suprimir o punto 5 da base 3 "Persoas e entidades beneficiarias".
3. Reformular a redacción do punto 1 da base 8 "Prazo de realización das actuacións", a fin de non alterar as condicións anteriores:
 1. *As actuacións non poderán estar iniciadas antes de 1 de febreiro de 2020 nin finalizadas antes do 27 de setembro de 2024.*



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

A oficina de rehabilitación deberá recibir toda a documentación que permita a identificación da situación orixinal antes da realización das obras no caso de que estas xa estean iniciadas. Non serán subvencionadas as partidas de obra iniciadas con anterioridade á solicitude de axuda ou á visita dos técnicos da oficina de rehabilitación en caso de non achegar esta documentación.

4. Suprimir o punto 2 da base 8 "Prazo de realización das actuacións".
5. Reformular a redacción do punto 1 da base 10 "Prazo de presentación de solicitudes", corrixindo tamén unha errata:
 1. *O prazo de presentación de solicitudes estará aberto **desde a entrada en vigor destas bases** ata o 30 de decembro de 2025, agás que, con anterioridade, se esgotara o crédito orzamentario, o que será obxecto de publicación **no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na sede electrónica do Concello de Betanzos e na web municipal.***
6. Suprimir os apartados b), c), e f) do punto 3 da base 11 "Solicitudes".
7. Reformular a redacción do apartado h) do punto 3 da base 11 "Solicitudes":
 - h) *Declaración responsable de que as obras non se iniciaron antes do 1 de febreiro de 2020 **nin estaban finalizadas antes do 27 de setembro de 2024.***
8. Reformular a redacción do apartado c) do punto 1 da base 12 "Documentación complementaria" co seguinte redactado:
 - c) *Proxecto da actuación que se vai a realizar ou, na súa falta se a actuación non require proxecto, memoria xustificativa da actuación. A documentación mínima desta memoria será a descrición da situación actual e das actuacións que se pretenden realizar, a xustificación do cumprimento da normativa (en particular, do DB HE), o orzamento desagregado cos prezos unitarios por ámbitos de actuación e planos. Así mesmo, na documentación do proxecto da actuación ou na memoria xustificativa da actuación, segundo corresponda, incluírase o aforro de consumo de enerxía primaria non renovable estimado con respecto á situación inicial **e, opcionalmente, a cuantificación do investimento subvencionable e a contía da axuda solicitada.***
O proxecto ou a memoria deberán de cumprir co establecido nas bases "Actuacións subvencionables" e "Requisitos das actuacións". No caso de atoparse nun dos supostos previstos de excepcionalidade total ou parcial do cumprimento da redución da demanda enerxética, deberá de xustificarse no devandito proxecto da actuación ou na memoria técnica xustificativa da axuda e acreditalo cos documentos correspondentes.
Opcionalmente, poderá optarse por referirse ao proxecto presentado para a solicitude de licenza ou comunicación previa, bastando con indicar o número e data de rexistro de entrada da solicitude, ou o número de expediente, se se dispón del.
9. Suprimir o apartado j) do punto 1 da base 13 "Comprobación de datos".
10. Engadir unha base 16 bis "Resolución provisional" co seguinte redactado:
 1. *No caso de que no proxecto ou memoria da actuación presentado conforme a letra c) do punto 1 da base "Documentación complementaria" non figurase unha cuantificación da axuda solicitada, ou ben no caso de que da análise do conxunto da documentación da solicitude se desprenda que a contía indicada pola persoa solicitante non é acorde ao previsto nestas bases reguladoras (particularmente en relación ao recollido nas bases "Actuacións subvencionables" e "Contía das axudas e custo subvencionable") a Oficina de Rehabilitación, á vista do expediente formulará unha proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que será notificada ás persoas solicitadas, e concederá un prazo de dez días para presentar alegacións.*



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.

2. Cando o importe da subvención recollido na proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, na notificación da resolución provisional ofrecerase á persoa solicitante a posibilidade de reformular a súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable. En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, condicións e finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos respecto das solicitudes ou peticións.

3. Finalizado o prazo para a presentación de alegacións, e unha vez examinadas estas en caso de existir, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a persoa solicitante ou a relación de persoas solicitantes para as que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, especificando a súa avaliación e, no seu caso, os criterios de valoración seguidos para efectualala.

4. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a favor das persoas beneficiarias propostas fronte á administración en canto non se lle notificou a resolución de concesión.

5. A tramitación da resolución provisional requirirá a previa presentación da documentación completa e validamente presentada, segundo o establecido na base de "Procedemento de concesión". A reformulación pola persoa solicitada da súa solicitude nos termos establecidos no punto 2 da presente base non implicará, en ningún caso, a alteración da data de presentación da solicitude para os efectos do previsto no punto 4 da mencionada base de "Procedemento de concesión".

11. Reformular o redactado da base 34 "Convocatoria":

*1. Estas bases entrarán en vigor **o día da súa publicación** no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.*

*2. Ábrese a convocatoria de axudas ás actuacións do "Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio", no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, **desde o día da publicación destas bases** no Boletín Oficial da Provincia da Coruña ata o día 30 de decembro de 2025.*

12. Engadir unha disposición adicional primeira que prevea a continuidade das solicitudes:

A Oficina de Rehabilitación adoptará as medidas que resulten precisas para garantir a continuación na tramitación das solicitudes presentadas conforme ás bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 185 do 25 de setembro de 2024, sempre que cumpran cos criterios e requisitos establecidos nas presentes bases.

13. Dado que xa foron repartidos en papel e publicitados por vía telemática os formularios de solicitude, enténdese que para evitar confusións o máis axeitado é manter os existentes, toda vez que se entenden decaídos nas expresións que anulan as bases, que as cuestións emendables xa non eran relevantes (ao ser cuestións relativas a empresas que non vinculan ao resto de suxeitos) e que non é preciso incorporar neles nova información. Por iso, propónse engadir unha disposición adicional segunda co seguinte redactado:

Mantense a redacción do impreso de solicitude oficial e os anexos á solicitude, debendo entenderse decaídos nos contidos que non resulten axeitados a estas bases.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

14. Engadir unha disposición derradeira que prevea expresamente a perda de vixencia das bases anteriores:

A entrada en vigor destas bases supón a anulación das bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia núm. 185 do 25 de setembro de 2024.

Emito este informe desde o punto de vista da unidade instrutora das solicitudes de subvención, quedando sometido a opinións mellor fundadas e sen prexuízo do que proceda informar polos restantes Servizos municipais.
[...]"

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable polo que procede a súa aprobación polo alcalde de acordo co artigo 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO**:

PRIMEIRO. Anular a convocatoria anterior e aprobar nova a convocatoria de subvencións PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO "CONXUNTO HISTÓRICO DE BETANZOS E A súa ZONA DE PROTECCIÓN", NO CONCELLO DE BETANZOS, EN RELACIÓN Á EXECUCIÓN DOS PROGRAMAS DE AXUDA EN MATERIA DE REHABILITACIÓN RESIDENCIAL E VIVENDA SOCIAL DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NEXTGENERATIONEU, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

SEGUNDO. Aprobar as bases reguladoras da convocatoria PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN A NIVEL DE BARRIO DO "CONXUNTO HISTÓRICO DE BETANZOS E A súa ZONA DE PROTECCIÓN", NO CONCELLO DE BETANZOS, EN RELACIÓN Á EXECUCIÓN DOS PROGRAMAS DE AXUDA EN MATERIA DE REHABILITACIÓN RESIDENCIAL E VIVENDA SOCIAL DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NEXTGENERATIONEU, NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, que constan anexas a este expediente.

TERCEIRO. Aprobar os modelos normalizados para a solicitude e a xustificación das subvencións.

CUARTO. Publicar a mencionada convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia*, no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do Concello, na sede electrónica municipal. Así mesmo, remitir a documentación necesaria sobre a convocatoria á Base Nacional de Subvencións para darlle publicidade á convocatoria.

QUINTO. Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O que informo aos efectos oportunos"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as asistentes, ACORDA aprobar este informe-proposta.>>

E para que conste para os efectos oportunos, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, no senso de que o borrador da



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

acta da sesión mencionada non se someteu aínda á aprobación, e a reserva dos termos que resultan desta, expido e asino este certificado co visto e praxe da alcaldesa, dona María Barral Varela.

Betanzos, na data que figura na marxe

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa
María Barral Varela

O secretario
Adrián J. Márquez Caramés